

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 25 de SETEMBRO de 2009**

Orde do día dos asuntos que se van a tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o venres, día 25 de setembro de 2009, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

- [1.-Toma de posesión do deputado provincial do PP don Juan Manuel Baleato Iglesias.](#)
- [2.-Aprobación da acta da sesión anterior n. 8/09, do 11 de setembro.](#)
- [3.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da n. 18.001 á n. 18.600, de 2009.](#)

Cooperación e Asistencia aos Concellos

- [4.-Aprobación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal \(POS\) 2010.](#)
- [5.-Aprobación da terceira fase da anualidade 2009 do Plan de cooperación cos concellos \(PCC\) 2008/2011.](#)
- [6.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Mellora da rede viaria de Calvente e outras” do Concello de Oroso, incluída no Plan de obras e servizos \(POS\) 2008. Código 08.2100.0236.0.](#)

Promoción Económica, Emprego e Turismo

- [7.-Aprobar a modificación do cadro de actuacións da segunda, terceira e cuarta anualidade do Plan de dinamización do produto turístico Ferrol-Ortegal.](#)

Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento

- [8.-Aprobación da axuda aos concellos para o sostemento dos Grupos Municipais de Intervención Rápida \(GRUMIR\). Ano 2009.](#)
- [9.-Aprobación dos modelos tipo de convenios de colaboración que instrumenten a concesión de subvencións nominativas a entidades privadas sen ánimo de lucro:](#)
 - [a. Realización de actividades](#)
 - [b. Obras](#)
 - [c. Subministracións](#)
 - [d. Adquisición de inmobles](#)
- [10.-Aprobación da modificación do coeficiente de financiamento da subvención nominativa ao Concello de Negreira destinada ao financiamento do proxecto da](#)

edificación do centro de discapacitados e a aprobación do texto do mencionado convenio.

11.-Aprobación da segunda fase do Plan especial de parques infantís 2009.

12.-Aprobación da cuarta fase da anualidade 2009 do proxecto Mandeo.

Infraestruturas Viarias: Vías e Obras provinciais

13.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2009-2ª fase integrada por 6 proxectos.

14.-Aprobación do proxecto reformado n. 1 de ampliación e mellora do trazado da D.P. 8401 do PK 5, 640 ao PK 11,340 de Tablilla a Agrodomestre por Pontepedra, Tordoia integrado no Plan de vías provinciais 2008 1ª fase.

15.-Aprobación do Plan de vías provinciais 2009 9ª fase integrada por un proxecto.

16.-Aprobación do proxecto reformado de travesía na E.P. 7202 Rianxo a Bures por Asados PK 0,45 ao PK 1,45 Rianxo (Plan de travesías 2008 - 1ª fase-2ª relación)

17.-Aprobación inicial do Plan de travesías 2009 8ª fase integrada por dous proxectos.

18.-Aprobación provisional do Plan de travesías 2009 2ª fase 3ª relación integrada por un proxecto.

19.-Aprobación provisional do Plan de travesías 2009 3ª fase 1ª relación integrada por 4 proxectos.

20.-Aprobación inicial do Proxecto de terminación do modificado n. 1 da travesía na E.P. 3004 de Cabanas a Martinete PQ 0,3 a PQ 1,40 A Coruña. Plan de travesías 2009 9ª fase.

21.-Aprobación técnica do Programa de vías provinciais 2009-2011 integrado por dous proxectos.

22.-Aprobación da concesión ao Concello de Fene dun prazo de 20 días, contado desde o presente acordo, para que lle remita a esta deputación a documentación da base 3, en relación ao remate da ampliación e mellora do trazado da D.P. 3503 desde o PK 0+400 ao PK 1+200 (FENE).

Economía, Facenda e Especial de Contas

23.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Camariñas.

[24.-Aceptación da delegación de competencias municipais para a reclamación ao Ministerio de Economía e Facenda, pola bonificación do 95% do imposto sobre bens inmobles \(IBI\) ás autoestradas. Concellos: Oroso, Paderne e Pontedeume.](#)

[25.-Modificación das subvencións nominativas recollidas na Base 48 de execución do Orzamento provincial do exercicio 2009.](#)

Actas

[26.-Proposición da Presidencia sobre a renuncia ao cargo da deputada provincial dona Carmen Borbujo Martínez.](#)

ACTUACIÓN DE CONTROL

[MOCIÓN](#)

[ROGOS E PREGUNTAS](#)

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 25 DE SETEMBRO DE 2009

No salón de sesións do Pazo Provincial da Coruña, o día 25 de setembro de 2009, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ ANTONIO BAAMONDE LÓPEZ	PP
DON JUAN MANUEL BALEATO IGLESIAS	PP
DON ALFONSO BALSEIRO GÓMEZ	PP
DOÑA CARMEN BORBUJO MARTÍNEZ	PP
DON XOÁN MANUEL CABO PÉREZ	BNG
DON IGNACIO CODESIDO BARREIRO	PP
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON ADOLFO GACIO VÁZQUEZ	PP
DOÑA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GOROSTIZU	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DONA CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO	PSOE
DONA ESTHER GONZÁLEZ VÁZQUEZ	PP
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
DOÑA ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ	BNG
DON PEDRO PIÑEIRO HERMIDA	PSOE
DON BERNARDINO RAMA SEOANE	PSOE
DON JOSÉ MANUEL REY VARELA	PP
DON XOÁN MANUEL SANDE MUÑIZ	BNG

DON JOSÉ MANUEL SANTOS MANEIRO	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIÁ	BNG
DOÑA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ	PSOE
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, verbo dos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-TOMA DE POSESIÓN DO DEPUTADO PROVINCIAL DO PP DON JUAN MANUEL BALEATO IGLESIAS.

INTERVENCIONS

Sr. secretario

Recibiuse nesta Secretaría Xeral unha credencial expedida polo presidente da Xunta Electoral Central, na que se acredita que foi designado deputado provincial, don Juan Manuel Baleato Iglesias, en substitución por renuncia de dona Angeles Vázquez Mejuto, por estar incluído na lista de candidatos presentados polo Partido Popular ás eleccións locais do 22 de maio de 2007. Don Juan Manuel Baleato Iglesias, doutra banda, cumpriu o que se dispón no artigo 75 da Lei reguladora das bases de réxime local en canto á a presentación da declaración de intereses, polo tanto cumpre todos os requisitos para a toma de posesión.

Sr. presidente

Dámoslle a benvida en nome de todos ao novo deputado, don Juan Manuel Baleato Iglesias e esperamos a súa colaboración para traballar a favor dos concellos da provincia. Benvido.

O Sr. Baleato Iglesias entra no salón de sesións e toma posesión do seu cargo, xura o desempeño deste lendo a fórmula, impónselle seguidamente a medalla da provincia como atributo do seu cargo de deputado provincial.

2.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR N. 8/09, DO 11 DE SETEMBRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 8/09, do 11 de setembro.

3.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA N. 18.001 Á N. 18.600, DE 2009.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 18.001, á nº 18.600, de 2009.

4.-APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2010.

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2010, cuxo texto figura no anexo que se xunta.

2º) Condicionar a aprobación definitiva destas bases á entrada en vigor do presuposto provincial para o exercicio 2010 en cuxas partidas 0501/911B/46201 e 0501/911A/76201 se consigna a cantidade de 24.200.000,00 euros para o seu financiamento.”

BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2010

1.- DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O presente “Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal” (POS) 2010 é un plan anual da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2010, que se elabora no marco do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais, modificado polo Real decreto 1263/2005, do 21 de outubro, e pola Orde 293/2006, do 31 de xaneiro, para o seu desenvolvemento e aplicación, así como polas instrucións do Ministerio de Política Territorial (MPT), encargado da súa coordinación.

O POS 2010 vaise financiar coas achegas do Ministerio de Política Territorial e da Deputación Provincial da Coruña por un importe total de 24.200.000,00 € , e ademais polas achegas dos correspondentes concellos.

Nas partidas 0501/911A/76201 e 0501/911B/46201 do presuposto provincial para o exercicio 2010 vaise consignar a cantidade de 24.200.000,00 €, asociada a unha previsión de ingreso da achega do MPT. Por iso, a aprobación destas bases queda sometida á condición suspensiva da entrada en vigor do presuposto provincial para o

exercicio 2010, no que se vai consignar crédito necesario para o financiamento do POS 2010. Consonte co anterior, non se poderá realizar ningún acto que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia presupostaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións presupostarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

2.- FINALIDADE E OBXECTO

O POS 2010 elabórase nun momento de crise económica no que a deputación quere cooperar especialmente cos concellos na garantía do funcionamento dos servizos públicos mínimos obrigatorios en cada concello segundo a súa poboación.

Ademais, debe terse en conta, por unha banda, que outras administracións públicas están desenvolvendo importantes plans de investimentos que tamén están destinados aos concellos co fin de dotalos das infraestruturas necesarias para o seu funcionamento e de estimular a economía e o emprego, e por outra, que os concellos teñen dificultades para atender os seus gastos correntes pola perda de ingresos nos seus orzamentos que a crise implica.

Por iso, a finalidade do POS 2010 é dobre: en primeiro lugar a realización de novos investimentos nos concellos, canalizando as achegas do Estado, e en segundo lugar a axuda ao financiamento dos gastos correntes municipais, dado que os concellos teñen menos ingresos para o seu financiamento ou máis gastos correntes que os pasados anos. Trátase, polo tanto, dun plan de marcado carácter excepcional e conxuntural, motivado pola situación actual da economía.

Para materializar esta dobre finalidade, cada concello poderá utilizar a cantidade que se lle asigne do seguinte modo:

a) O 50 % destinarase necesariamente á realización das obras precisas para a efectiva prestación dos servizos obrigatorios establecidos no artigo 26 da Lei 7/1985 do 2 de abril, podendo, non obstante, incluírse outras obras e servizos non obrigatorias que sexan de competencia municipal, de acordo co establecido no artigo 25 da devandita lei.

b) O 50% restante destinarase, a elección do concello, ben á realización de máis obras das indicadas no parágrafo anterior, ou ben ao financiamento dos gastos correntes de cada concello no exercicio 2010.

2. A) REALIZACIÓN DE OBRAS

2.A.1.- Tipos de obras

Neste plan pódense incluír, todas as obras e servizos que sexan de competencia municipal, con preferencia dos servizos obrigatorios, de acordo co establecido nos artigos 25 e 26 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

É importante salientar que segundo o criterio do MPT non se poden incluír no plan as adquisicións de subministracións ou adquisicións de bens para o concello, senón que só se poden incluír "obras" propiamente ditas.

Ademais, de acordo co establecido no artigo 7 da citada Orde do 31 de xaneiro de 2006 e coas instrucións recibidas do MPT, non se poderán incluír “proxectos de urbanización”. No suposto de obras de competencia municipal, nas que se vaian realizar varios tipos de actuacións como abastecemento de auga, saneamento, beirarrúas, etc., deberá indicarse no título aquela ou aquelas que teñan un maior orzamento.

Só poderán ser obxecto de subvención as actuacións en bens de titularidade das entidades locais, excluíndose as que fosen executadas en bens que non teñan esta condición ou que con posterioridade, poidan ser obxecto de propiedade privada.

Os proxectos en fases deben ser obras completas. No caso de proxectos que teñan na súa denominación a indicación da realización dunha fase, parte, tramo, etc., debe figurar na memoria do proxecto que se trata dunha obra completa de acordo co establecido no artigo 74 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, sempre que sexan susceptibles de utilización ou aproveitamento separado e constitúan unha unidade funcional, ou así o esixa a natureza do obxecto. Nestes casos, terase que achegar un informe técnico xustificativo desta circunstancia.

O concello acreditará que existe dispoñibilidade dos terreos para realizar as obras, así como que conta coas autorizacións e concesións administrativas que fosen necesarias para a súa execución.

2.A.2 .- Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local

De conformidade co establecido no art. 3 do citado Real decreto 835/2003, para realizar a selección das obras que se incluírán no plan teranse especialmente en conta os datos que figuran na Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local, xestionada por esta deputación, que constitúe o instrumento obxectivo básico de análise e valoración das necesidades de dotacións locais para os efectos da cooperación económica local.

Recoméndase consultar a nova “ficha municipal” con datos do concello que figura na páxina web desta deputación (www.dicoruna.es -concellos- eiel - informes - ficha municipal), na que se contén información detallada das súas infraestruturas e datos. Na folla número 5 da ficha figuran os índices sintéticos do concello comparados coa comarca e coa provincia.

Os datos dese concello que figuran na Enquisa deben servir de base para a elaboración do plan e así se motivará na correspondente memoria.

2.A.3 .- Proxectos

Os proxectos deberanse presentar para todas as obras incluídas na anualidade de 2010, tanto do Plan base como do Plan complementario, ao que se fai referencia máis adiante. O importe mínimo de cada obra é de trinta mil euros (30.000,00 €) que é o importe mínimo establecido no citado Real decreto 835/2003.

Cada obra identificarase cun proxecto, tendo en conta que non se deben incluír como obras independentes os orzamentos parciais do proxecto.

Lémbrese que non se admiten as denominacións xenéricas, debendo ser identificadas sen lugar a dúbidas os investimentos que se integran no plan, como figura no artigo 7.a) da citada Orde do 31 de xaneiro de 2006.

Presentaranse dous exemplares de cada un dos proxectos xunto co resto da documentación que se lle indica na base 5.

Os proxectos técnicos das obras deberán comprender, polo menos, os documentos que se indican no artigo 107 da citada Lei 30/2007 de contratos do sector público, que son os seguintes:

- a) Unha memoria na que se describa o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e a situación previa a estas, as necesidades a satisfacer, e a xustificación da solución adoptada, detallándose os factores de todo tipo a ter en conta.
- b) Os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida, así como os que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e demais dereitos reais, no seu caso, e servizos afectados pola súa execución.
- c) O prego de prescricións técnicas e particulares, onde se fará a descrición das obras e se regulamentará a súa execución, con expresión da forma na que esta se levará a cabo, as obrigas de orde técnica que correspondan ao contratista, e a maneira na que se levará a cabo a medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución.
- d) Un presuposto, integrado ou non por varios parciais, con expresión dos prezos unitarios e dos descompostos, se é o caso, estado de medicións e os detalles precisos para a súa valoración.
- e) Un programa de desenvolvemento dos traballos ou plan de obra de carácter indicativo, con previsión, se é o caso, do tempo e custo.
- f) As referencias de todo tipo nas que se fundamentará o replanteo da obra.

g) O estudo de seguridade e saúde ou, se é o caso, o estudo básico de seguridade e saúde, nos termos dispostos nas normas de seguridade e saúde nas obras.

h) Canta documentación veña establecida nas normas de carácter legal ou regulamentario.

2.A.4 Plan complementario

Segundo o establecido no art. 8 do citado Real decreto 835/2003, as deputacións aprobarán os Plans provinciais de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal xunto cun Plan complementario para aplicar os remanentes que se poidan orixinar.

Polo tanto, xa neste momento o concello debe prever a obra ou obras que desexe realizar para o caso de que se produzan remanentes por baixas na adxudicación dos contratos, ou por anulacións de obras, de non ser así, non se poderán aplicar os remanentes que se poidan producir no concello.

O presuposto mínimo dos proxectos tamén é de 30.000,00 € e para o seu financiamento poderanse utilizar os remanentes producidos polas baixas de adxudicación ou, se é o caso, polas anulacións de obras, podendo o concello realizar, no seu momento, unha maior achega para completar o orzamento do proxecto mínimo se fose necesario.

2. B) FINANCIAMENTO DOS GASTOS CORRENTES

No suposto de que o concello opte por destinar parte da cantidade asignada ao financiamento de gastos correntes do concello previstos para o exercicio 2010, a intervención ou a secretaría-intervención de cada concello deberá elaborar unha previsión, para o exercicio 2010, dos gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos mínimos obrigatorios en cada concello por razón da súa poboación, segundo o establecido no art. 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Poderán incluírse os gastos de funcionamento dos servizos de subministración de auga potable, de rede de sumidoiros, limpeza viaria, recollida domiciliar de lixo, alumeadado público, mantemento dos accesos aos núcleos de poboación, mantemento de parques públicos e aqueles outros que estean directamente asociados ao funcionamento dos servizos mínimos obrigatorios en cada concello. Os custos de persoal só poderán incluírse cando estean total e directamente adscritos ao funcionamento dos devanditos servizos municipais.

Concretamente poderán incluírse os gastos que deseguido se detallan:

- persoal total e directamente adscrito ao servizo
- bens e servizos correntes
- intereses de préstamos asociados directamente ao servizo
- achegas a entes supramunicipais ou outros que realizan o servizo

3.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste plan son os 94 concellos da provincia da Coruña.

4.- FINANCIAMENTO

No financiamento deste Plan participan o MPT, a deputación e os concellos conforme ás porcentaxes de cofinanciamento que se indican neste apartado.

A cantidade que se lle asigna, polo concepto de ESTADO + DEPUTACIÓN, a ese concello para a anualidade 2010, calcúlase mediante a aplicación á cantidade de 24.200.000,00 €, segundo se indica na base 1, das variables ponderadas que tradicionalmente se utilizaron para realizar as asignacións de fondos do POS e que son as seguintes:

10%.....	cota fixa
5%.....	esforzo fiscal
15%.....	número de parroquias
35%.....	poboación
35%.....	superficie

Da aplicación dos datos dese concello, resulta que a cantidade asignada polo concepto Estado + Deputación.

Desta cantidade o concello destinará necesariamente o 50% para a realización das obras indicadas na base 2.A), e co 50% restante poderá optar por realizar máis obras ou por destinalo ao financiamento dos seus gastos correntes no exercicio 2010 segundo se detalla na base 2.B).

Para a realización de obras da base 2.A), a esta cantidade sumarase necesariamente o importe correspondente á achega municipal mínima obrigatoria, de acordo co citado Real decreto 835/2003, onde se establece a necesidade de que para cada investimento, o concello correspondente realice unha achega municipal mínima obrigatoria do 5%, calculada sobre o presuposto de contrata da obra, con independencia do tipo de actuación de que se trate.

Presuposto de contrata do proxecto =	(Subvención Estado+Deputación) + 5% (achega municipal mínima) do presuposto de contrata do proxecto
--------------------------------------	---

Terase en conta que o 5% de achega do concello, ao ser unha porcentaxe mínima esixida para cada obra, non se poderá obter por redondeo de 4,99.

Esta porcentaxe de achega municipal ten carácter mínimo, polo que os concellos poden realizar unha maior achega municipal sobre o mínimo previsto, se así o desexan, e isto implica o incremento na mesma contía do importe total de proxectos.

Para cada obra solicitada deberase indicar individualizadamente a parte que achega o concello, respectando a porcentaxe mínima indicada, e a que se financia con cargo ao ESTADO + DEPUTACIÓN.

Terase en conta que, de conformidade co criterio de aplicación das baixas de licitación aprobado polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 25-09-1998, no caso de que haxa unha baixa de licitación na obra, ao Estado aplicaráselle a menor baixa posible sempre que se respecten as porcentaxes de cofinanciamento establecidas no citado Real decreto 835/2003, e o concello beneficiarase da máxima baixa posible aplicada sobre a maior achega municipal realizada sobre o mínimo previsto no plan (5% sobre o presuposto de adxudicación).

Isto quere dicir que se o concello realiza voluntariamente unha achega maior ao 5% do presuposto da obra, no caso de que houberse baixa de licitación, esta aplicarase preferentemente a minorar a dita maior achega, mantendo no posible as achegas do Estado e da Deputación.

5.- DOCUMENTACIÓN QUE SE HA DE REMITIR

Os concellos que desexen participar neste plan, deberán presentar no Rexistro Xeral da deputación, ou nas formas establecidas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, **ata o 30 de novembro de 2009**, a seguinte documentación:

* **MEMORIA:** A memoria deberá conter, como mínimo, os seguintes aspectos:

- a.- Obxectivos que se han de alcanzar no período. Deberanse describir os obxectivos que se han de alcanzar durante o período do plan, tendo en conta, moi especialmente os déficits en servizos e equipamentos detectados na Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local.
- b.- Criterios de selección. Deberanse fixar con carácter obxectivo os criterios de selección das obras e a distribución do seu financiamento.
- c.- Financiamento. Analizarase e xustificarase o plan financeiro previsto.

- d.- Outras cuestións de interese. Deberanse recoller cantos aspectos de interese complementen a información anterior

*** CERTIFICADO DO ACORDO MUNICIPAL DE APROBACIÓN DO POS BASE 2010 E DO PLAN COMPLEMENTARIO**

Certificación do acordo plenario do concello, segundo o modelo que figura como anexo I a estas bases, polo que se dispoña participar no presente plan, aceptar expresamente estas bases e solicitar á deputación a aplicación do importe que se lle asignou dentro deste plan para a realización das obras que se relacionan, coa indicación da súa denominación, orzamento e detalle do seu financiamento por axentes cofinanciadores, de xeito que se concrete o importe que se financia con cargo á achega provincial e o que se realiza con cargo á achega municipal e, se é o caso, ao financiamento dos gastos correntes para o exercicio 2010 que figuran na previsión de gastos realizada pola Intervención ou Secretaría-Intervención do concello.

O concello deberá adoptar o compromiso firme de incluír no orzamento municipal crédito dabondo para o financiamento da achega municipal ás obras.

No mesmo acordo indícarase expresamente que o concello conta cos terreos e autorizacións necesarias para a execución das obras.

No acordo incluírase a declaración do concello de que non solicitou nin percibiu ningunha subvención específica ou finalista doutras administracións públicas para o financiamento destes gastos, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para o seu financiamento, deberá facilitar o seu detalle e a acreditación de que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Igualmente, no devandito decreto ou acordo autorizarase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. De non outorgar esta autorización, o concello deberá presentar as certificacións oportunas coa documentación da solicitude e coa documentación xustificativa final.

*** PROXECTOS**

En exemplar duplicado das obras do POS 2010 e do seu Plan complementario

*** INFORME TÉCNICO**

No caso de proxectos que teñan na súa denominación a indicación da realización dunha fase, parte, tramo, etc., debe figurar na memoria do proxecto que se trata dunha obra completa de acordo co establecido no artigo 74 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, sempre que sexan susceptibles de utilización ou aproveitamento separado e constitúan unha unidade funcional, ou así o esixa a natureza do obxecto, e ademais, terase que achegar un informe técnico xustificativo desta circunstancia.

*** INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DE PREVISIÓN DE GASTOS CORRENTES 2010**

No suposto de que o concello opte por destinar parte da cantidade asignada ao financiamento de gastos correntes do concello previstos para o exercicio 2010, a Intervención ou Secretaría-Intervención deberá elaborar un informe segundo o modelo que figura como anexo II, no que se conteña a previsión orzamentaria para o exercicio 2010 dos gastos correntes total e directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos mínimos obrigatorios en cada concello por razón da súa poboación, segundo o establecido no art. 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, referido aos servizos e aos conceptos de gasto que se detallan na base 2.B.

No anexo II o concello debe indicar os datos correspondentes aos servizos que desexe, sempre que cubran o importe da achega provincial que o concello vai aplicar a esta finalidade, non sendo preciso cubrir os datos de todos os servizos.

O anexo II debe presentarse por triplicado exemplar.

6.- APROBACIÓN DO PLAN

Á vista da documentación presentada, o Pleno da Deputación aprobará o plan no que se incluírán as obras novas solicitadas polos concellos, tanto no Plan base como no Plan complementario, así como a relación das cantidades que os concellos dedican ao financiamento dos seus gastos correntes do exercicio 2010.

O plan someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, e será remitido a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais e da Subdelegación do Goberno. Ademais, remitirase para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, de acordo co artigo 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia. Unha vez transcorridos os 10 días de exposición pública e dende a solicitude de informe sen que se presentaren alegacións nin se emitira o informe, poderanse proseguir os trámites.

A aprobación definitiva do Plan adicional que máis adiante se aprobe, financiado coas baixas de licitación ou anulacións de proxectos que se aprobe no marco do Plan complementario, realizarase mediante Resolución da Presidencia na que se declare cumprida a condición de existencia de crédito suficiente e en consecuencia se declare definitivamente aprobado o Plan adicional no que se incluírán as obras previstas no Plan complementario daqueles concellos para os que exista crédito para o seu financiamento.

7.- CONTRATACIÓN DAS OBRAS

Os concellos contratarán as obras de acordo coa Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, mediante procedemento aberto cun único criterio de valoración ou mediante procedemento negociado, utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente por esta Deputación. O Concello debe cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato.

Excepcionalmente, as obras poderán executarse pola propia administración de acordo co establecido no artigo 24 da citada Lei 30/2007.

Non se poderá realizar a adxudicación mediante contrato menor.

En canto ao prazo para adxudicar as obras, coa finalidade de poder aplicar os remanentes que se xeren tras a adxudicación das obras, os concellos deberán presentar **ata o 31 de agosto de 2010**, ben a documentación xustificativa da contratación antes indicada, ben o compromiso do concello de adxudicala antes do 1 de outubro de 2010, ou ben a petición da prórroga para a adxudicación na que conste a obra para a que se solicita a prórroga, o motivo xustificativo da prórroga e a data ata a que se pide, xa que de conformidade co establecido no artigo 28 do citado Real decreto 835/2003 do 27 de xuño, os investimentos incluídos no Plan provincial de cooperación serán adxudicados ou acordados a súa execución pola propia administración antes do 1 de outubro do exercicio correspondente, salvo nos casos excepcionais que deberán ser comunicados a esta Deputación para poñer en coñecemento do Ministerio de Política Territorial, sendo a súa xustificación apreciada polo Ministerio. En calquera caso, o prazo prorrogado non poderá ser posterior ao 1 de novembro do dito exercicio.

Una vez adxudicadas as obras, o concello deberá remitir a esta Deputación a seguinte documentación:

- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos
- Listaxe das obras cos datos de adxudicación debidamente cubertos no modelo que se enviará ao concello coa circular de contratación
- Documentación xustificativa da elección do procedemento de adxudicación, xustificación da publicidade da licitación, relación das ofertas presentadas cos seus respectivos importes, aplicación dos criterios de adxudicación, informes técnicos xustificativos das valoracións aplicadas ás ofertas presentadas, etc.
- No caso de executalas a propia administración deberá presentar o informe do secretario no que se indique cal dos supostos é de aplicación ao caso concreto dos establecidos no artigo 24 da citada Lei 30/2007 do 30 de outubro.

8.- EXECUCIÓN DAS OBRAS

As obras executaranas os respectivos concellos con arranxo ao proxecto técnico da obra. A dirección e a execución das obras realizaraas o concello correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que a Deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

Se durante a execución das obras xurde a necesidade de modificar o proxecto da obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na citada Lei 30/2007, e redactar un proxecto modificado que deberá ser aprobado polo concello e pola deputación.

Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de liquidacións ou doutro concepto deberá ser financiado integramente polo concello.

9.- PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL

O pago da achega da deputación realízase segundo se indica a continuación para a realización de obras e para o financiamento dos gastos correntes. Nos dous casos, a deputación acreditará previamente, de oficio, que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Deputación.

9. A) REALIZACIÓN DE OBRAS

O pago ao concello do importe da achega provincial realizarase á vista das certificacións de execución das obras que o concello presente na deputación no modelo oficial, e aprobadas polo concello. Procurarase que as certificacións sexan por un presuposto superior aos 6.000,00 €

Desde o inicio das obras ata a súa recepción deberase colocar o cartel oficial debidamente cuberto, o que se acreditará mediante o envío de dúas fotografías, unha do propio cartel o outra do cartel da obra e o seu contorno, sendo requisito indispensable para que esta deputación lle transfira ao concello o importe da achega provincial ao plan. Esta documentación acompañarase á primeira certificación de execución das obras.

Ao remate da obra, coa última certificación de execución, deberase achegar a correspondente "acta de recepción", así como a certificación acreditativa da aprobación da certificación final da obra no modelo-tipo que se remitirá a ese concello máis adiante.

Así mesmo, e de conformidade co establecido nos artigos 19.3, 34.3, 37.1 e) e 37.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, deberase acompañar a certificación estendida polo órgano competente do concello da percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade,

procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais co fin de verificar que a concorrencia non supera o custo da actuación subvencionada.

Todas as obras deberán estar terminadas antes do 1 de novembro de 2011 xa que o plan debe ser obxecto de liquidación no primeiro trimestre do ano 2012.

Excepcionalmente, o concello poderá solicitar unha prórroga ao MPT para o seu remate de acordo coas instrucións que se remitirán máis adiante.

9. B) FINANCIAMENTO DOS GASTOS CORRENTES

Á vista da documentación recibida do concello na que se solicita aplicar parte da achega provincial asignada neste plan ao financiamento dos gastos correntes previstos para o exercicio 2010, achegando o informe de previsión de gastos da Intervención ou Secretaría-Intervención, a deputación transferirá ao concello, con carácter de prepagable, o importe da cantidade indicada sempre que estea debidamente xustificada a súa aplicación aos gastos estimados a financiar polo concello para o exercicio 2010.

Unha vez feitos os pagos, os concellos deberán presentar na deputación, ata o 31 de marzo de 2011, un informe xustificativo dos pagos realizados, asinado pola Intervención ou Secretaría-Intervención, no que se detallen os pagos efectuados e os dereitos recoñecidos por subvencións finalistas para a mesma finalidade, segundo o modelo que figura como anexo III. Excepcionalmente, e a solicitude do concello, poderá ampliarse o dito prazo de xustificación.

No suposto de que o concello non presente a documentación xustificativa no prazo sinalado, seguirase o procedemento establecido no artigo 70.3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

O importe dos pagos xustificados deberá acadar ao da subvención da deputación ou, no caso de que se tiveran outras subvencións, deberá acadar a suma da totalidade das subvencións. O concello queda obrigado a facilitar canta información lle sexa requirida pola deputación. No caso de que o importe dos pagos xustificados sexa inferior ao importe da achega da deputación transferida ao concello, iniciarase un procedemento de reintegro da cantidade que corresponda.

10.- INTERPRETACIÓN

A interpretación e a resolución das dúbidas que puidesen xurdir serán resoltas polo presidente da Deputación, previo informe da Secretaría e da Intervención, no marco do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais, modificado polo Real decreto 1263/2005, do 21 de outubro, e da Orde 293/2006, do 31 de xaneiro, para o seu

desenvolvemento e aplicación, así como tendo en conta as instrucións do Ministerio de Política Territorial (MPT).

Para o non disposto expresamente nas presentes bases, aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

ANEXO I

CERTIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DO PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS 2010

D. / Dna. _____

secretario/a do Concello de _____

C E R T I F I C A : Que o Pleno municipal deste concello na sesión realizada o día ___/___/2009, adoptou o seguinte acordo:

1.- "Aprobar o **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2010**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2010, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Estado + Deputación	Conc.	Orzamento total
SUBTOTAL OBRAS			

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2010 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes

C) Resumo:

Denominación da obra	Estado + Deputación	Conc.	Orzamento total
SUBTOTAL OBRAS			
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES			
T O T A L			

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2010 no que se inclúen as obras que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

Denominación da obra	Orzamento
TOTAIS	

3.- Declarar que o concello dispón dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2010 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal da obras incluídas na anualidade do 2010.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación para obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

E para que así conste, expido a certificación de orde e co visto e praxe do alcalde, en _____, o día ____ de _____ do ano dous mil nove.

V. e Pr.
O alcalde

ANEXO II

**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL
POS 2010**

Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención do concello de previsión de gastos correntes 2010

CONCELLO DE	
--------------------	--

SERVIZO MUNICIPAL DO ARTIGO 26 LEI 7/1985 de bases de réxime local	NATUREZA DO GASTO	PREVISIÓN DE GASTOS PRESUPOSTO 2010 (A)	ESTIMACIÓN DOUTRAS ACHEGAS PÚBLICAS OU PRIVADAS PRESUPOSTO 2010 (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO 2010 (A-B)
Subministración de auga potable	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Rede de sumidoiros	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Limpeza viaria	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			

(Lugar, data e nome da persoa que asina o documento)

ANEXO II

**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL
POS 2010**

Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención do concello de previsión de gastos correntes 2010

CONCELLO DE

SERVIZO MUNICIPAL DO ARTIGO 26 LEI 7/1985 de bases de réxime local	NATUREZA DO GASTO	PREVISIÓN DE GASTOS PRESUPOSTO 2010 (A)	ESTIMACIÓN DOUTRAS ACHEGAS PÚBLICAS OU PRIVADAS PRESUPOSTO 2010 (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO 2010 (A-B)
Recollida domiciliar de lixo	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Alumeado público	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Mantemento dos accesos aos núcleos de poboación	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			

(Lugar, data e nome da persoa que asina o documento)

**ANEXO II
PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL**

POS 2010

Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención do concello de previsión de gastos correntes 2010

CONCELLO DE

SERVIZO MUNICIPAL DO ARTIGO 26 LEI 7/1985 de bases de réxime local	NATUREZA DO GASTO	PREVISIÓN DE GASTOS PRESUPOSTO 2010 (A)	ESTIMACIÓN DOUTRAS ACHEGAS PÚBLICAS OU PRIVADAS PRESUPOSTO 2010 (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO 2010 (A-B)
Mantemento de parques públicos	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Outros	- Persoal total e directamente adscrito			
3.1	Creación dun centro de recepción de Visitantes en Ortigueira	200.000,00 €	191.600,00 €	-8.400,00 €	-8.400,00 €	0,00
4	POSTA EN VALOR DOS RECURSOS E CREACIÓN DE NOVOS PRODUTOS	139.210,00 €	113.800,00 €	-25.410,00 €	-25.410,00 €	0,00
4.1	Revalorización da batería da Bailadora (Ares)	139.210,00 €	113.800,00 €	-25.410,00 €	-25.410,00 €	0,00
5	PLAN DE COMUNICACIÓN E COMERCIALIZACIÓN (II)	106.957,00 €	76.157,57 €	-30.799,43 €	-30.799,43 €	0,00
5.1	Plan de comunicación 4ª anualidade	106.957,00 €	76.157,57 €	-30.799,43 €	-30.799,43 €	0,00
8	MUPIS INFORMATIVOS (PIMS)	0,00 €	48.000,00 €	48.000,00 €	0,00	48.000,00 €
7.1	Mupis informativos (PIMS)	0,00 €	48.000,00 €	48.000,00 €	0,00	48.000,00 €

9	SINALIZACIÓN TURÍSTICA (II)	0,00 €	59.607,99 €	59.607,99 €	0,00	59.607,99 €
9.1	Sinalización Turística (II)	0,00 €	48.000,00 €	48.000,00 €	0,00	48.000,00 €
	TOTAL CUARTA ANUALIDADE	681.167,00 €	681.167,00 €	0,00 €	-107.607,99 €	107.607,99 €

ANEXO 3bis - 4ª Anualidade

Nº	ACTUACION	ORZAMENTO COMISIÓN 10/03/2009	ORZAMENTO ACTUALIZADO	IMPORTE BAIXA	TIPO DOCUMENTO	Nº OPERACIÓN
1	POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO EN TORNO AOS CAMIÑOS DE PEREGRINACIÓN (III)	150.000,00 €	132.001,44 €	-17.998,56 €	RC/	220090008524
1.1	Execución da Ruta de Santo André de Teixido. (Bares-Santo André)	150.000,00 €	132.001,44 €	-17.998,56 €	A/	220090008751
2	POTENCIACIÓN TURISMO NAUTICO E DEPORTIVO, SOSTIBLE E ACCESIBLE	25.000,00 €	0,00 €	-25.000,00 €	RC/	220090008525
2.1	Apoio a eventos relacionados co produto de surf	25.000,00 €	0,00 €	-25.000,00 €	A/	220090008753
	a) Gabinete comunicación Pantin Classic 2009. EGACOM, SL	14.699,52 €	0,00 €	-14.699,52 €	D/	220090033140
3	INFRAESTRUTURAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E DE RECEPCIÓN DE VISITANTES	200.000,00 €	191.600,00 €	-8.400,00 €	RC/	220090008527
3.1	Creación dun centro de recepción de visitantes en Ortigueira	200.000,00 €	191.600,00 €	-8.400,00 €	A/	220090008754
4	POSTA EN VALOR DOS RECURSOS E CREACIÓN DE NOVOS PRODUTOS	139.210,00 €	113.800,00 €	-25.410,00 €	RC/	220090008528
4.1	Revalorización da batería da Bailadora (Ares)	139.210,00 €	113.800,00 €	-25.410,00 €	A/	220090008757
5	PLAN DE COMUNICACIÓN E COMERCIALIZACIÓN (II)	106.957,00 €	76.157,57 €	-30.799,43 €	RC/	220090008529

5.1	Plan de comunicación 4ª anualidade	106.957,00 €	76.157,57 €	-30.799,43 €	A/	220090008758
	a) Revisión e actual. contidos mate.promo. BEATRIZ LOPEZ MIRAGAYA	2.999,76 €	0,00 €	-2.999,76 €	D/	220090019505
	c) Ferramenta web soporte comercialización de actividades de ocio BEATRIZ LOPEZ MIRAGAYA	18.000,00 €	0,00 €	-18.000,00 €	D/	220090022002
	Outras actuacións	85.957,24 €	76.157,57 €	-9.799,67 €		
	TOTAL CUARTA ANUALIDADE	621.167,00 €	513.559,01 €	-107.607,99 €		

Nº	ACTUACION	ORZAMENTO COMISIÓN 10/03/2009	ORZAMENTO ACTUALIZADO	IMPORTE ALTA	TIPO DOCUMENTO
8	MUPIS INFORMATIVOS (PIMS)	0,00 €	48.000,00 €	48.000,00 €	RC
7.1	Mupis informativos (PIMS)	0,00 €	48.000,00 €	48.000,00 €	A
9	SINALIZACIÓN TURÍSTICA (II)	0,00 €	59.607,99 €	59.607,99 €	RC
9.1	Sinalización turística (II)	0,00 €	48.000,00 €	48.000,00 €	A
	TOTAL CUARTA ANUALIDADE	0,00 €	107.607,99 €	107.607,99 €	

8.-APROBACIÓN DA AXUDA AOS CONCELLOS PARA O SOSTEMENTO DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE INTERVENCIÓN RÁPIDA (GRUMIR). ANO 2009.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Visto o texto do acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión do trinta e un de xullo de 2009, no que quedou aprobado o texto do convenio tipo a través do que se tramitarán as achegas económicas da Deputación cos dezaseis concellos da provincia que contan cun Grupo Municipal de Intervención Rápida (GRUMIR):

1.- Aprobar a relación nominativa dos concellos aos que vai referida a achega provincial para o sostemento dun Grupo Municipal de Intervención Rápida por unha contía de 45.000,- euros por concello, e por tanto, un total de 720.000,- euros.

2.- A relación dos concellos é a seguinte Arteixo, Arzúa, Betanzos, Boiro, Boqueixón, Brión, Carballo, Cee, Miño, Noia, Ordes, Ortigueira, As Pontes, Ribeira, Santa Comba e Vimianzo.

3.- O gasto derivado da execución da presente resolución será imputado á partida 0305/223.A/462.01 do orzamento vixente da Corporación.

4.- Os concellos deberán xustificar a subvención mediante a certificación dos gastos totais realizados, deducíndose deles as cantidades percibidas pola Xunta de Galicia para tal fin e, se é o caso, por calquera outra administración pública ou privada.

5.- Así mesmo, deberán estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, polo que deberán autorizar á Deputación para que poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social, nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das subvencións.

6.- O gasto total certificado deberá ser superior ou igual ás cantidades concedidas, ao concello para tal fin pola Deputación, Xunta de Galicia e por calquera outra administración pública ou privada, no caso de que a cantidade xustificada non acade a suma dos importes percibidos, aboarase a diferenza do percibido e o efectivamente gastado, e no caso de exceder esa cifra a Deputación aboará como máximo a cantidade concedida.

7.- A formalización da axuda levarase a cabo mediante o convenio aprobado polo Pleno da Corporación na sesión do trinta e un de xullo de 2009.”

9.-APROBACIÓN DOS MODELOS TIPO DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN QUE INSTRUMENTEN A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES NOMINATIVAS A ENTIDADES PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO:

A. REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES

B. OBRAS

C. SUBMINISTRACIONES

D. ADQUISICIÓN DE INMOBLES

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar os modelos tipo dos convenios de subvencions nominativas con entidades privadas sen ánimo de lucro que a continuación se indican, cuxa competencia para a súa aprobación lle corresponde ao Pleno da Corporación:

- CONVENIOS DE COLABORACIÓN QUE INSTRUMENTEN A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES NOMINATIVAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES.
- CONVENIOS DE COLABORACIÓN QUE INSTRUMENTEN A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES NOMINATIVAS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS.
- CONVENIOS DE COLABORACIÓN QUE INSTRUMENTEN A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES NOMINATIVAS PARA A REALIZACIÓN DE ADQUISICIÓN DE INMOBLES.
- CONVENIOS DE COLABORACIÓN QUE INSTRUMENTEN A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES NOMINATIVAS PARA A REALIZACIÓN DE ADQUISICIÓN DE SUMINISTROS.”

10.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO CONCELLO DE NEGREIRA DESTINADA AO FINANCIAMENTO DO PROXECTO DA EDIFICACIÓN DO CENTRO DE DISCAPACITADOS E A APROBACIÓN DO TEXTO DO MENCIONADO CONVENIO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º Aprobar a modificación dun novo coeficiente de financiamento para a subvención nominativa ao Concello de Negreira para a edificación destinada a centro de discapacitados pasando dun proxecto inicial de 333.313,60 € e un coeficiente de financiamento de 59,90% aprobado inicialmente polo Pleno en sesión celebrada o 26.06.2009 a un novo proxecto por importe de 305.699,96 €, a unha subvención provincial por importe de 197.602,60 € e a un coeficiente de financiamento dun 64,63939 %

2º Aprobar o texto do convenio entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Negreira para establecer a colaboración entre ambas institucións para a cofinanciamento das obras e adquisición de mobiliario incluídas no proxecto de edificación destinada a centro de discapacitados.

3º Condicionar a execución do acordo adoptado á aprobación definitiva da base 48 das de execución do orzamento nos termos expostos.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE NEGREIRA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE EDIFICACIÓN DESTINADA A CENTRO DE DISCAPACITADOS E MOBILIARIO

Negreira,

Reunidos

Dunha parte, o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte, o Sr. Jorge Tuñas Caamaño, alcalde presidente do Concello de Negreira

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Negreira ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE NEGREIRA, P1506000G, para o financiamento da EDIFICACION DESTINADA A CENTRO DE DISCAPACITADOS E MOBILIARIO tal e como aparece definida no proxecto de execución, redactado polo arquitecto Alfredo Varela Nogueira, colexiado núm. 2261.

O CONCELLO DE NEGREIRA na súa condición de promotora da obra, obrígase a obter con carácter previo ás autorizacións administrativas que fosen necesarias, así como, no seu caso, á preceptiva licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa, así como a obter a dispoñibilidade de terreos necesaria para a execución das obras.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

O. E. M:	195.873,49 euros
GASTOS XERAIS:	25.463,55 euros

BENEFICIO INDUSTRIAL:	11.752,41 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO:	37.294,45 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA:	270.383,76 euros

ADQUISICIÓN DE MOBLAXE:

- Moblaxe xeral, cun orzamento de 15.445,00 €
- Moblaxe de cociña 12.000,00 euros
- Rotulación 3.000,00 euros
- SUMA 30.445,00 euros
- IVE 4.871,20 euros

PRESUPOSTO MOBLAXE 35.316,20 euros

TOTAL PRESUPOSTO 305.699.96 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTÉÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 197.602,60 €, o que representa unha porcentaxe de 64,63939 %.
2. No caso de que a gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 64,63939% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/911E/762.01 na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado. Para tal efecto, entenderase por gasto xustificado a suma de todos os conceptos incorporados ás certificacións de obras, consoante coa cláusula II.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao CONCELLO DE NEGREIRA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, o CONCELLO DE NEGREIRA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o CONCELLO DE NEGREIRA estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible, polo menos, a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Consonte co disposto na Base 55ª.2 das de execución do Orzamento para o ano 2009, ata o 70 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagábel, de xeito que se expedirá un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE NEGREIRA pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de obras, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
2. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
3. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

2. Rematada completamente a obra, aboarase o 30 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

4. Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director.
5. Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
6. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

7. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
8. Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
9. Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do CONCELLO DE NEGREIRA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención, polo menos, durante un prazo de cinco anos.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE NEGREIRA na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrasen o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE NEGREIRA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas, polo menos, TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula NOVENA.

2. Unha vez rematadas as obras, o CONCELLO DE NEGREIRA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula NOVENA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE NEGREIRA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE NEGREIRA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE NEGREIRA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE NEGREIRA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE NEGREIRA poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE NEGREIRA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización das obras-actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE NEGREIRA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE NEGREIRA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 02.11.2010.

2. Previa solicitude do CONCELLO DE NEGREIRA, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE NEGREIRA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario do.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE NEGREIRA
Salvador Fernández Moreda	Jorge Tuñas Caamaño

11.-APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN ESPECIAL DE PARQUES INFANTÍS 2009.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Logo de ver as bases reguladoras do Plan especial de parques infantís 2009, aprobadas polo Pleno da Deputación en sesión realizada o día 31 de outubro de 2008 (BOP nº 255, do 5 de novembro de 2008), e modificadas na súa base 9 relativa ao pagamento da achega provincial coa finalidade de darlle un carácter prepagable polo acordo plenario provincial de aprobación da primeira fase do plan do 26 de xuño de 2009 (BOP nº 149 do 2 de xullo de 2009).

Despois de ver as solicitudes presentadas polos diversos concellos da provincia ao abeiro das citadas bases

Logo de ver a proposta de selección das obras subscrita polo presidente da Comisión Informativa de Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento, na que

se inclúen as solicitudes que integran unha segunda do plan porque contan co informe técnico favorable relativo a cada un dos proxectos, aínda que algunha solicitude deba quedar condicionada á emenda ou achega do documento que se especifica

1º) Aprobar a segunda fase do Plan especial de parques infantís 2009, cuxas bases foron aprobadas polo Pleno da Deputación en sesión realizada o día 31 de outubro de 2008, e cuxo texto íntegro se publicou no BOP nº 255, do 5 de novembro de 2008 e modificadas na súa base 9 relativa ao pago da achega provincial coa finalidade de darlle un carácter prepagable polo acordo plenario provincial de aprobación da primeira fase do plan do 26 de xuño de 2009 (BOP nº 149 do 2 de xullo de 2009).

Neste plan inclúense as 29 actuacións que se indican no anexo que se xunta, coa indicación do seu detalle entre os respectivos concellos e a deputación.

2º) Aprobar os proxectos técnicos das obras incluídas neste plan.

Despois de realizar todas as actuacións proxectadas nos parques, deben cumprir estritamente o indicado no Decreto 245/2003, do 24 de abril, pola que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís, así como da Lei de accesibilidade 8/1997 do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, e tamén no Decreto 35/2000, do 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, os paneis informativos que se coloquen nos parques deben axustarse ao indicado no citado Decreto 245/2003 e ao sinalado no apartado 2.1 da base 2 das reguladoras do plan.

3º) A aprobación definitiva das obras dos concellos de Aranga, Cerceda, Cesuras, Mañón, Noia, Oroso, Padrón, Pontedeume, Tordoia e Vimianzo, queda condicionada ao cumprimento dos requisitos que para cada unha delas se indica a continuación, que deberá acreditarse con carácter previo á adxudicación destas:

CONCELLO	Aranga
OBRA	Mellora e conservación dos parques infantís de Aranga
CÓDIGO	09.3260.0025.0
CONDICIÓN	- Ratificar o Pleno Municipal a Resolución da Alcaldía respecto á aprobación do proxecto técnico da obra e ao detalle do seu financiamento, así como ao contido esixido no modelo que figura como anexo I das bases reguladoras do plan

CONCELLO	Cerceda
OBRA	Ac. e adaptación á normativa vixente das áreas de xogo Concello Cerceda
CÓDIGO	09.3260.0028.0
CONDICIÓN	- Ratificar o Pleno Municipal a Resolución da Alcaldía respecto á aprobación do proxecto técnico da obra e ao detalle do seu financiamento, así como ao contido esixido no modelo que figura como anexo I das bases reguladoras do plan

CONCELLO	Cesuras
OBRA	Mellora e conservación dos parques infantís de Cesuras

CÓDIGO	09.3260.0029.0
CONDICIÓN	- Ratificar o Pleno Municipal a Resolución da Alcaldía respecto á aprobación do proxecto técnico da obra e ao detalle do seu financiamento, así como ao contido esixido no modelo que figura como anexo I das bases reguladoras do plan

CONCELLO	Mañón
OBRA	Reforma zonas infantís: Mogor, Praia Esteiro e Praia Estaca de Bares.
CÓDIGO	09.3260.0035.0
CONDICIÓN	- Para as actuacións propostas na praia de Esteiro (na parroquia de Sta. María de Mogor) e a praia de Bares (na parroquia de Sta. María de Bares): obter a autorización do Ministerio de Medio Ambiente, Dirección Xeral de Costas, Demarcación de Costas de Galicia, ou do organismo que corresponda da comunidade autónoma galega, no seu caso, por estar en zona de servidume de protección de dominio público marítimo-terrestre. - Para as actuacións propostas na parroquia de Sta. María de Mogor (Mogor) e O Barqueiro : obter a autorización da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, de Augas de Galicia, así como a autorización da Dirección Xeral de FEVE para as obras que afectan ao tramo FERROL-Pravia na liña Ferrol-Xixón

CONCELLO	Noia
OBRA	Arranxo de tres P. Infantís C. Fútbol, Alameda e Paseo marítimo Concello de Noia
CÓDIGO	09.3260.0039.0
CONDICIÓN	- Para o parque infantil do paseo marítimo: obter a autorización de Portos de Galicia.

CONCELLO	Oroso
OBRA	Modificado mellora de parques infantís municipais C.Oroso
CÓDIGO	09.3260.0040.0
CONDICIÓN	- Para as actuacións propostas no parque da Esquipa (Trasmonte): obter a autorización da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia.

CONCELLO	Padrón
OBRA	Acond.parques infantís Pedroso, Prada e Colexio R.Castro-C.Padrón
CÓDIGO	09.3260.0044.0
CONDICIÓN	- Para as actuacións propostas no Colexio R. Castro: obter a autorización da Comisión Provincial de Patrimonio Histórico da Xunta de Galicia.

CONCELLO	Pontedeume
OBRA	Reforma de parques infantís en Pontedeume
CÓDIGO	09.3260.0046.0
CONDICIÓN	- Para as actuacións propostas no parque Escola Nogueirosa:obter a autorización da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia. - Para as actuacións propostas en Sarmiento:obter autorización autonómica por estar en zona de afección de patrimonio arquitectónico da Xunta de Galicia. - Para as actuacións propostas na Escola de Campolongo :obter a autorización da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia - Para as actuacións propostas na Escola de Boebre: obter a autorización do Servizo de Vías e Obras. Deputación Provincial da Coruña. - Para as actuacións propostas no Muíño de Centroña: obter a autorización do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial da Coruña e obter a autorización da Xunta de Galicia por estar en zona de dominio marítimo- terrestre. - Para as actuacións propostas na zona deportiva de Centroña : obter a autorización de Patrimonio da Xunta de Galicia e obter a autorización da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia.

	- Para as actuacións propostas no xardín Lombardeiro: obter a autorización de Patrimonio histórico-artístico da Xunta de Galicia.
--	---

CONCELLO	Tordoia
OBRA	Actuacións en parques infantís C.Tordoia
CÓDIGO	09.3260.0050.0
CONDICIÓN	- Ratificar o Pleno Municipal o acordo da Xunta de Goberno Local respecto á aprobación do proxecto técnico da obra e ao detalle do seu financiamento, así como ao contido esixido no modelo que figura como anexo I das bases reguladoras do plan. - Para as actuacións propostas no traslado do parque de Vilarchán a Bardaos: obter a autorización de Patrimonio da Xunta de Galicia.

CONCELLO	Vimianzo
OBRA	Rehabilitación de parques infantís de Carnés e Castromil. Vimianzo
CÓDIGO	09.3260.0053.0
CONDICIÓN	- Ratificar o Pleno Municipal o acordo da Xunta de Goberno Local respecto á aprobación do proxecto técnico da obra e ao detalle do seu financiamento, así como ao contido esixido no modelo que figura como anexo I das bases reguladoras do plan.

4º) A contratación e execución das obras realizarana os respectivos concellos, de acordo co establecido nas bases 7, 8 e 9 reguladoras deste plan.

O prazo para a contratación das obras incluídas nesta 2ª fase da anualidade 2009 amplíase ata o 30 de xuño de 2010.

5º) Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións despois de que transcorra o dito prazo sen que se presente ningunha alegación.

6º) Remitir o expediente para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e a Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez transcorrido o dito prazo sen que se emita ningún informe”.

A N E X O

EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN DE PARQUES INFANTÍS 2009

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	FINANCIAMENTO		
			CONCELLO	DEPUTACIÓN	TOTAL
ARANGA	09.3260.0025.0	MELLORA E CONSERVACIÓN DOS PARQUES INFANTÍS DE ARANGA	7.505,13	42.529,10	50.034,23
BRIÓN	09.3260.0026.0	ACTUACIÓN DE MELLORAS DIVERSOS PARQUES INFANTIS C. BRIÓN	25.312,10	60.000,00	85.312,10
CARNOTA	09.3260.0027.0	ADECUACIÓN PARQUES INFANTÍS CONCELLO CARNOTA	11.000,00	60.000,00	71.000,00

CERCEDA	09.3260.0028.0	ACD. E ADAPTACIÓN Á NORMATIVA VIXENTE DAS ÁREAS DE XOGO CONCELLO CERCEDA	19.191,62	60.000,00	79.191,62
CESURAS	09.3260.0029.0	MELLORA E CONSERVACIÓN DOS PARQUES INFANTÍS DE CESURAS	8.958,41	50.764,29	59.722,70
COIRÓS	09.3260.0030.0	MELLORA E ADAPTACIÓN DE PARQUES INFANTÍS EN COIRÓS	15.089,60	60.000,00	75.089,60
FISTERRA	09.3260.0031.0	MELLORA E REFORMA DE PARQUES INFANTÍS FISTERRA	10.398,00	58.922,00	69.320,00
FRADES	09.3260.0032.0	REFORMA DE PARQUES INFANTÍS EN FRADES	10.571,48	59.905,06	70.476,54
IRIXOA	09.3260.0033.0	MELLORA E CONSERVACIÓN PARQUES INFANTÍS DE IRIXOA	11.243,38	60.000,00	71.243,38
MALPICA	09.3260.0034.0	ACOND.MELLORA E REFORMA P.INFANTÍS "XARDIN DO MERCADO" E "SEALLA". .MALPICA	12.999,99	60.000,00	72.999,99
MAÑÓN	09.3260.0035.0	REFORMA ZONAS INFANTÍS: MOGOR, PRAIA ESTEIRO E PRAIA ESTACA DE BARES	7.500,00	42.500,00	50.000,00
MELIDE	09.3260.0036.0	TRASLADO DO PARQUE INFANTIL DA RÚA CAMIÑO REAL Á RÚA Mª BARBEITO.MELIDE	9.961,35	56.447,66	66.409,01
MESÍA	09.3260.0037.0	PARQUE INFANTIL NA PRAZA DE MESÍA E OUTROS ADAPTACIÓN DOS PARQUES INFANTÍS Ó DECRETO 245/03 CONCELLO MIÑO	10.543,21	59.744,88	70.288,09
MIÑO	09.3260.0038.0	ARRANXO DE TRES P. INFANTÍS C. FÚTBOL, ALAMEDA E PASEO MARITIMO CONCELLO NOIA	11.062,16	60.000,00	71.062,16
OROSO	09.3260.0040.0	MODIFICADO MELLORA DE PARQUES INFANTÍS MUNICIPAIS C. OROSO	9.686,57	54.890,54	64.577,11
ORTIGUEIRA	09.3260.0041.0	MELLORA DOS PQS. INFANTÍS : MOURÓN, ESPASANTE E C.E.I.P. JOSÉ MARÍA LAGE.ORTIGUEIRA	10.588,85	60.000,00	70.588,85
OUTES	09.3260.0042.0	REFORMA DE ZONAS INFANTÍS EN OUTES	10.584,92	59.981,22	70.566,14
PADERNE	09.3260.0043.0	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DOS PARQUES INFANTÍS DE PADERNE	10.588,24	60.000,00	70.588,24
PADRÓN	09.3260.0044.0	ACOND. PARQUES INFANTÍS PEDROSO, PRADA E COLEXIO R. CASTRO - C. PADRÓN	10.718,43	60.000,00	70.718,43
PINO, O	09.3260.0045.0	REFORMA DE PARQUES INFANTÍS NO PINO	10.484,89	59.414,32	69.899,21
PONTEDEUME	09.3260.0046.0	REFORMA DE PARQUES INFANTÍS EN PONTEDEUME	10.587,46	59.995,55	70.583,01
PONTES, AS	09.3260.0047.0	MELLORA E REFORMA DO PARQUE INFANTIL DO XARDÍN MUNICIPAL. AS PONTES	8.990,46	50.945,95	59.936,41
RIANXO	09.3260.0048.0	REP. E MELLORA DOS P. INFANTÍS DA URBANIZACIÓN MARTELO E DO PARQUE GALICIA. RIANXO	10.589,00	60.000,00	70.589,00
TOQUES	09.3260.0049.0	TRASLADO DO PARQUE INFANTIL NO	7.712,27	43.702,84	51.415,11

SOUTO.TOQUES					
TORDOIA	09.3260.0050.0	ACTUACIÓNS EN PARQUES INFANTÍS C. TORDOIA	10.845,83	60.000,00	70.845,83
VALDOVIÑO	09.3260.0051.0	ACONDICIONAMENTO DE PARQUES INFANTÍS C. VALDOVIÑO	10.217,25	57.897,75	68.115,00
VILASANTAR	09.3260.0052.0	MELLORA DE PARQUES INFANTÍS C. VILASANTAR	10.574,94	59.924,66	70.499,60
VIMIANZO	09.3260.0053.0	REHABILITACIÓN DE PARQUES INFANTÍS DE CARNÉS E CASTROMIL. VIMIANZO	10.017,15	56.763,86	66.781,01
TOTAL			328.522,69	1.654.329,68	1.982.852,37

29

12.-APROBACIÓN DA CUARTA FASE DA ANUALIDADE 2009 DO PROXECTO MANDEO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistos os pregos de prescricións técnicas particulares para a contratación das actuacións que máis adiante se indican, que desenvolven o contido do proxecto reformulado denominado "Mandeo. Posta en valor das concas fluviais 1ª fase: Río Mandeo", financiado cunha axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) con cargo á convocatoria 2007, que afecta ao período 2007-2010, de axudas FEDER para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período de intervención 2007-2013,

1º.- Aprobar a cuarta fase da anualidade 2009 do proxecto Mandeo na que se inclúen as seguintes actuacións, que serán contratadas por esta Deputación:

Código	Denominación	2009 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)	2010 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)	2011 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)	TOTAL 2008- 2011 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)
09.2800.0013.0	Modificación convenio coa Univ. Coruña para xestión Pr.Mandeo	36.400,00 15.600,00 52.000,00	72.800,00 31.200,00 104.000,00	60.423,30 25.895,70 86.319,00	169.623,30 72.695,70 242.319,00
09.2800.0014.0	Redacción proxecto obra C.Etnográfico Curtis. Pr. Mandeo	34.104,00 14.616,00 48.720,00			34.104,00 14.616,00 48.720,00
09.2800.0015.0	Sum. - instal. bioescaner peixes Chelo Pr. Mandeo	73.080,00 31.320,00 104.400,00			73.080,00 31.320,00 104.400,00

09.2800.0016.0	Observatorios ornitolóxicos Paderne Bergondo Pr. Mandeo	225.736,00 96.744,00 322.480,00			225.736,00 96.744,00 322.480,00
TOTAL		369.320,00 158.280,00 527.600,00	72.800,00 31.200,00 104.000,00	60.423,30 25.895,70 86.319,00	502.543,30 215.375,70 717.919,00

2º.- O financiamento destas actuacións realizarase con cargo á partida 0501/560C/60103 do orzamento provincial.

Para a anualidade 2009 existe crédito abondo na citada partida, e para as anualidades 2010 e 2011 a Deputación comprométese a incluír nos seus correspondentes orzamentos provinciais o crédito necesario para financiar o importe correspondente ás devanditas anualidades.

En uso das facultades conferidas ao Pleno da Deputación no art.º 174.5 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, (BOE n.º 59 do 9 de marzo de 2004), modificar expresamente as porcentaxes anuais fixadas no citado artigo, de forma que o financiamento de cada anualidade sexa a indicada anteriormente.

3 º.- Dispoñer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia. "

13.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2009-2ª FASE INTEGRADA POR 6 PROXECTOS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o Plan de CONSERVACION DE VIAS PROVINCIAIS 2009 SEGUNDA FASE cun orzamento total de 1.600.088,84.- euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0401/511B/21001 que se detalla.

DENOMINACION	PRESUPUESTO	CODIGO
Proyecto de adecuación del drenaje y mejora seguridad vial DP 0301 PK 0,000 a 0,720	160.523,76	0911000032.0
Mejora de la seguridad vial y nueva capa de rodadura en las carreteras DP 1706, DP 5807 y DP 7507	418.643,78	0911000033.0
Proyecto de conservación y reparación de marquesinas en vías provinciales	370.194,81	0911000034.0
Mejora de rodadura con lechada bituminosa en las DP 6702, DP 6703, DP 6706 y DP 2301	153.801,18	0911000035.0
Proyecto de pavimentación con MBC en el vial 4, Avda del embalse, de la Red Viaria del Polígono de Sabón	356.878,27	0911000036.0
Mejora de rodadura con MBC en las DP 5704, DP 5706 y DP 6202	140.047,04	0911000037.0
TOTAL	1.600.088,84	

2) Expoñer ao público os proxectos mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

14.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO N. 1 DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA D.P. 8401 DO PK 5, 640 AO PK 11,340 DE TABLILLA A AGRODOMESTRE POR PONTEPEDRA, TORDOIA INTEGRADO NO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2008 1ª FASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar o proxecto REFORMADO DE AMPLIACION E MELLORA DE TRAZADO DA D.P. 8401 DO PK 5,640 O PK 11,340 DE TABLILLA A AGRODOMESTRE POR PONTEPEDRA, TORDOIA (CODIGO DO PROXECTO REFORMADO 0811100002.1) polo seu orzamento de contrata de 828.852,47.- EUROS, que representa un incremento respecto ao primitivo de 82.028,39.- EUROS.

2º) Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L. (B15293145), as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 546.130,90.- EUROS, que representa un incremento respecto ao primitivo de 54.048,51.- EUROS.

3º) Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 10.809,70.- EUROS, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días, unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando polo tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 109.226,18.- EUROS.”

15.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2009 9ª FASE INTEGRADA POR UN PROXECTO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o Plan de VIAS PROVINCIAIS 2009 NOVENA FASE cun presuposto total de 7151,33.- euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0401/511B/61102 e que se detalla.

DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO
MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA DP 1706 TEMPLE A CAMBRE PK 0+120. 0911100016.0	7.151,33
total	7.151,33

2) Expoñer ao público os proxectos mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

3) Solicitar á Xunta de Galicia a declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para a realización das citadas obras, non obstante, con carácter previo, deberá intentarse o mutuo acordo cos afectados.”

16.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DE TRAVESÍA NA E.P. 7202 RIANXO A BURES POR ASADOS PK 0,45 AO PK 1,45 RIANXO (PLAN DE TRAVESÍAS 2008 - 1ª FASE-2ª RELACIÓN)

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar o proxecto REFORMADO DA TRAVESÍA NA E.P. 7202 RIANXO A BURES POR ASADOS P.K. 0,45 O P.K. 1,45. RIANXO”, RIANXO (CODIGO DO PROXECTO REFORMADO 0811300004.1) polo seu orzamento de contata de 772.375,84.- EUROS, que representa un incremento respecto ao primitivo de 123.246,42.- EUROS.

2º) Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo C.R.C. OBRAS Y SERVICIOS S.L. (B15387855), as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación en 569.239,59.- EUROS, que representa un incremento respecto ao primitivo de 90.832,39.- EUROS.

3º) Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 3.915,19.- EUROS, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días, unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando polo tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 24.536,19.- EUROS.”

17.-APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2009 8ª FASE INTEGRADA POR DOUS PROXECTOS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar inicialmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2009 8ªFASE cun presuposto total de 917.492,85 e que son as que a continuación se detallan

DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO
DOTACION DE SENDA PEATONAL NA E.P. 4701 DE CASTRO Á ESTRADA DE CURTIS: P.K. 2+000 A 3+300	782.057,82
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA BA D.P. DE BERTAMIRANS Á RAMALLOSA DESDE O P.K. 0+400 AO P.K. 0+500: AMPLIACION DA PONTE DA CONDOMIÑA EN AMES	135.435,03
TOTAL	917.492,85

Esta aprobación inicial ten o carácter de simple programación, que non xera, polo tanto, ningún compromiso económico nin de execución para a Deputación ata que se acredite que existe crédito adecuado e suficiente e se aprrobe definitivamente o plan ou a correspondente fase deste.

2) Remitir os citados proxectos aos concellos correspondentes para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para a execución dos proxectos a incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2008-2011, aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o 29-2-2008 (BOP 57/8-3-2008).”

18.-APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2009 2ª FASE 3ª RELACIÓN INTEGRADA POR UN PROXECTO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar provisionalmente O PLAN DE TRAVESIAS 2009 2ª FASE 3ª RELACION integrado polos proxectos que a continuación se relacionan, cun orzamento total de 232.290,10.- euros e que son as que a continuación se detallan

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
TRAVESIA NA PONTE BAXOI A BAÑOBRE E.P. 4801 (MIÑO) (0911300004.0)	232.290,10
TOTAL	232.290,10

2.- Expoñer ao público, unha vez aprobados provisionalmente, por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentarse reclamacións.”

19.-APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2009 3ª FASE 1ª RELACIÓN INTEGRADA POR 4 PROXECTOS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar provisionalmente O PLAN DE TRAVESÍAS 2009 3ª FASE 1ª relación integrado polos proxectos que a continuación se relacionan, cun orzamento total de 937360,78.- euros e que son as que a continuación se detallan

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
--------------	-----------

MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA DP 0604 PK 11+750 A PK 12+910 (ARZUA) (0911300006.0)	237.703,72
ACONDICIONAMENTO DA D.P. 1202 DE TROBE A INTERSECCIÓN COA N-525 ENTRE OS PK 4+180 A 4+420 (BOQUEIXON) (0911300007.0)	270.250,64
TOTAL	507.954,36

2.- Expoñer ao público, unha vez aprobados provisionalmente por un prazo de 10 días para efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentarse reclamacións.

3.- Tendo en conta que na data de hoxe o Concello de Rois non remitiu a totalidade da documentación solicitada, quedará condicionada a súa aprobación provisional á remisión da documentación establecida na base 3:

A.1) Certificación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto de travesías.

A.2) No suposto de que non dispoñan dos terreos necesarios para executar as obras, o concello deberá adoptar o correspondente acordo plenario onde conste expresamente o compromiso de aboarlle á deputación, dentro do prazo máximo de 3 meses contados dende o requirimento da deputación, de todas as cantidades que por calquera caso teña que aboar a deputación como consecuencia dos trámites necesarios para adquirir os terreos, incluídos os correspondentes expedientes expropiatorios, tanto en fase de prezo xusto determinada pola deputación, como polo Xurado de Expropiación ou por xuíces e tribunais da Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa, facultando á deputación a que perciba os importes correspondentes mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión recadatoria exercida pola deputación por delegación do concello.

Para estes efectos o proxecto técnico aprobado na programación inicial conterá unha valoración estimada do custo das adquisicións ou expropiacións necesarias. A dita valoración terá carácter medianamente orientativo, por canto o compromiso municipal deberá alcanzar o importe efectivo e real que finalmente deba aboarse pola adquisición dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto.

B) Certificación do Pleno da Corporación municipal na que consten os seguintes acordos:

a) Aprobación do proxecto e autorización á deputación para executar as obras facendo constar que contan con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.

b) Conformidade coas presentes bases.

c) Compromiso de aceptación da entrega das obras unha vez recibidas pola deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións das travesías.

d) Delegación no alcalde-presidente para formalizar o correspondente convenio.”

Por todo o que procede:

Conceder un prazo de 20 días a contar dende a notificación do presente acordo para que o Concello de Rois remita a esta Deputación a documentación da base 3.:

A.1) Certificación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto de travesías.

A.2) No suposto de que non dispoñan dos terreos necesarios para executar as obras, o concello deberá adoptar o correspondente acordo plenario onde conste expresamente o compromiso de aboarlle á deputación, dentro do prazo máximo de 3 meses contados

dende o requirimento da deputación, de todas as cantidades que por calquera caso teña que aboar a deputación como consecuencia dos trámites necesarios para adquirir os terreos, incluídos os correspondentes expedientes expropiatorios, tanto en fase de prezo xusto determinada pola deputación, como polo Xurado de Expropiación ou por xuíces e tribunais da Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa, facultando á deputación a que perciba os importes correspondentes mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión recadatoria exercida pola deputación por delegación do concello.

Para estes efectos o proxecto técnico aprobado na programación inicial conterá unha valoración estimada do custo das adquisicións ou expropiacións necesarias. A dita valoración terá carácter medianamente orientativa por canto o compromiso municipal deberá alcanzar o importe efectivo e real que finalmente deba aboarse pola adquisición dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto.

B) Certificación do Pleno da Corporación municipal na que consten os seguintes acordos:

a) Aprobación do proxecto e autorización á deputación para executar as obras facendo constar que contan con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.

b) Conformidade coas presentes bases.

c) Compromiso de aceptación da entrega das obras, unha vez recibidas pola deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións das travesías.

d) Delegación no alcalde-presidente para formalizar o correspondente convenio.”

Todo iso para os efectos de sometelo, unha vez realizado o trámite da remisión da documentación, novamente ao Pleno da Corporación para a súa aprobación provisional.

No caso de non remitirse a documentación requirida no prazo fixado arquivarase o expediente.

4.- Polo que respecta ao proxecto do Concello de Ordes que se relaciona, exclúese da presente proposta, pospoñéndose para una ulterior aprobación unha vez que exista crédito adecuado e suficiente:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
TRAVESÍA NA D.P. 5903 ORDES A PORTOMOURO POR PONTECHONIA REMODELACIÓN E SUPRESIÓN DE BARREIRAS (ORDES) (0911300005.0)	429.406,42

20.-APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE TERMINACIÓN DO MODIFICADO N. 1 DA TRAVESÍA NA E.P. 3004 DE CABANAS A MARTINETE PQ 0,3 A PQ 1,40 A CORUÑA. PLAN DE TRAVESÍAS 2009 9ª FASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar inicialmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2009 9ªFASE cun orzamento total de 86909,71.- euros e que son as que a continuación se detallan

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
TERMINACION DO MODIFICADO Nº 1 DA TRAVESIA NA E.P. 3004 DE CABANAS A MARTINETE PQ 0,3 A P.Q. 1,40 (A CORUÑA)	86.909,71
TOTAL	86.909,71

Esta aprobación inicial ten o carácter de simple programación, que non xera, polo tanto, ningún compromiso económico nin de execución para a Deputación ata que se acredite que existe crédito adecuado e suficiente e se aprobe definitivamente o plan ou a correspondente fase deste.

Faise constar que o contrato de TRAVESIA NA E.P. 3004 DE CABANAS A MARTINETE PQ 0,3 A P.Q. 1,40 (A CORUÑA) (0511300011.0) foi resolto por Resolución de Presidencia o 15-9-09.

2) Remitir os citados proxectos aos concellos correspondentes para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para a execución dos proxectos a incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2008-2011, aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o 29-2-2008 (BOP 57/8-3-2008).”

21.-APROBACIÓN TÉCNICA DO PROGRAMA DE VÍAS PROVINCIAIS 2009-2011 INTEGRADO POR DOUS PROXECTOS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar tecnicamente os Proxectos que integrarán o PROGRAMA DE VÍAS PROVINCIAIS 2009-2011 . A citada aprobación condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente e á súa aprobación definitiva.

TITULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA	ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN (PREVISIÓN PARA EXPROPIACIÓNS)
ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA DP 0510 DE CONFURCO A UXES TRAMO ORRO (PK 2+650) - SOUTO (PK4+360). CULLEREDO	1.251.876,96	152.319,91
ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA DP 0510 DE CONFURCO A UXES TRAMO CONFURCO (PK 0+000) - ORRO (2+650). CULLEREDO	1.410.892,28	189.339,88

Expoñer ao público o citado proxecto mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo

en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tales como que:

TITULO DO PROXECTO	RAZÓNS QUE MOTIVAN A URXENTE OCUPACIÓN
<p>ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA DP 0510 DE CONFURCO A UXES TRAMO CONFURCO (PK 0+000) - ORRO (2+650). CULLEREDO</p>	<ul style="list-style-type: none"> - A actual estrada enlaza dous núcleos de Confurco e Uxes, o obxecto do presente proxecto é a ampliación da estrada cuxas características resultan actualmente insuficientes para soportar o tráfico que por ela discorre. - O largo medio da calzada é de 5,00 metros, carecendo de beiravías e cun trazado sinuoso nalgún dos tramos. - Ao longo do trazado localízanse numerosas edificacións a ambas as dúas marxes da estrada o que xera un importante tráfico peonil que ten que circular pola angosta calzada debido á ausencia de beiravías, xerando un perigo permanente de accidentes e atropelos. - Pola súa parte resulta dificultoso o cruzamento de vehículos pesados ou autobuses con outros lixeiros, especialmente nos tramos máis virados. <p>As principais solucións son:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Tratamento de accesos e interseccións con obxecto de conseguir unha maior seguridade viaria e maior ordenación do tráfico - Adecuación da velocidade ás características da vía e do contorno - Ordenación de accesos e xiros á esquerda <p>Proxéctanse dous carrís de circulación de 3,5 metros e beiravías por cada marxe dun metro</p> <ul style="list-style-type: none"> - Entre o pk 1+380 e 1+560 o trazado discorre en variante, para mellorar as condicións existentes da estrada, eliminando tres curvas de radio moi reducido e substituíndoas por unha única curva á dereita de radio 215 metros. - O segundo tramo en variante sitúase entre o pk 1+840 e 2+120 coincidindo coa intersección proxectada de cambio de sentido na que se aumentou a radio da curva e construírse un carril central para o xiro á esquerda - A intensidade media do tráfico aumentou nestes últimos anos. - Co novo trazado preténdese proporcionar maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada, todo iso tendo en conta que a estrada transcorre por zonas poboadas e con accesos por ambas as dúas bandas a outras estradas e pistas de parcelaría
<p>TRAZADO E AFIRMADO DA DP 0510 DE CONFURCO A UXES TRAMO ORRO (PK 2+650) - SOUTO (PK4+360). CULLEREDO</p>	<ul style="list-style-type: none"> - A actual estrada enlaza dous núcleos de Confurco e Uxes, o obxecto do presente proxecto é a ampliación da estrada cuxas características resultan actualmente insuficientes para soportar o tráfico que por ela discorre. - O largo medio da calzada é de 5,00 metros, carecendo de beiravías e cun trazado sinuoso nalgún dos tramos. - Ao longo do trazado localízanse numerosas edificacións a ambas as dúas marxes da estrada o que xera un importante tráfico peonil que ten que circular pola angosta calzada debido á ausencia de beiravías, xerando un perigo permanente de accidentes e atropelos. - Pola súa parte resulta dificultoso o cruzamento de vehículos pesados ou autobuses con outros lixeiros, especialmente nos tramos máis virados <p>As principais solucións son:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Tratamento de accesos e interseccións con obxecto de conseguir unha maior seguridade viaria e maior ordenación do tráfico - Adecuación da velocidade ás características da vía e do contorno - Ordenación de accesos e xiros á esquerda - Proxéctanse dous carrís de circulación de 3,5 metros e beiravías por cada marxe dun metro - No que ás interseccións se refire potenciouse a eliminación de todo xiro á esquerda non canalizado. Este tipo de manobras deberá realizarse a través da glorieta e o cambio de sentido preparados para o efecto. - Proxéctase unha variante entre o 3+080 e 3+600 formada por unha curva á esquerda de 150 metros de radio seguida dunha á dereita de 200 metros e unha á esquerda de 300 metros. - No pk 3+150 proxéctase un cambio de sentido con obxecto de impedir os xiros á esquerda no cruzamento do pk 2+890 xa que a distancia de visibilidade é insuficiente. - Como condicional importante cómpre destacar o paso superior sobre o ferrocarril localizado no pk 3+220 - No pk 3+920 localízase a intersección que dá acceso ao enlace coa autovía A6. O actual cruzamento en T transformarase nun cambio de sentido, ampliando a lonxitude do carril central de xiro.

Todo isto coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

- Someter a información pública o expediente expropiatorio para a execución das obras

mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.”

22.-APROBACIÓN DA CONCESIÓN AO CONCELLO DE FENE DUN PRAZO DE 20 DÍAS, CONTADO DESDE O PRESENTE ACORDO, PARA QUE LLE REMITA A ESTA DEPUTACIÓN A DOCUMENTACIÓN DA BASE 3, EN RELACIÓN AO REMATE DA AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA D.P. 3503 DESDE O PK 0+400 AO PK 1+200 (FENE).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Tendo en conta que na data de hoxe o Concello de Fene non remitiu a totalidade da documentación solicitada, quedará condicionada a súa aprobación provisional á remisión da documentación establecida na base 3:

A.1) Certificación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto de travesías.

A.2) No suposto de que non dispoñan dos terreos necesarios para executar as obras, o concello deberá adoptar o correspondente acordo plenario onde conste expresamente o compromiso de aboarlle á deputación, dentro do prazo máximo de 3 meses contados dende o requirimento da deputación, de todas as cantidades que por calquera caso teña que aboar a deputación como consecuencia dos trámites necesarios para adquirir os terreos, incluídos os correspondentes expedientes expropiatorios, tanto en fase de prezo xusto determinada pola deputación, como polo Xurado de Expropiación ou por xuíces e tribunais da Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa, facultando á deputación a que perciba os importes correspondentes mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión recadatoria exercida pola deputación por delegación do concello.

Para estes efectos o proxecto técnico aprobado na programación inicial conterà unha valoración estimada do custo das adquisicións ou expropiacións necesarias. A dita valoración terá carácter medianamente orientativa por canto o compromiso municipal deberá alcanzar o importe efectivo e real que finalmente deba aboarse pola adquisición dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto.

B) Certificación do Pleno da Corporación municipal na que consten os seguintes acordos:

a) Aprobación do proxecto e autorización á deputación para executar as obras facendo constar que contan con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.

b) Conformidade coas presentes bases.

c) Compromiso de aceptación da entrega das obras unha vez recibidas pola deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións das travesías.

d) Delegación no alcalde-presidente para formalizar o correspondente convenio.”

Por todo, procede:

Conceder un prazo de 20 días a contar dende a notificación do presente acordo para que o Concello de FENE remita a esta Deputación a documentación da base 3.:

A.1) Certificación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto de travesías.

A.2) No suposto de que non dispoñan dos terreos necesarios para executar as obras, o concello deberá adoptar o correspondente acordo plenario onde conste expresamente o compromiso de aboarlle á deputación, dentro do prazo máximo de 3 meses contados dende o requirimento da deputación, de todas as cantidades que por calquera caso teña que aboar a deputación como consecuencia dos trámites necesarios para adquirir os terreos, incluídos os correspondentes expedientes expropiatorios, tanto en fase de prezo xusto determinada pola deputación, como polo Xurado de Expropiación ou por xuíces e tribunais da Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa, facultando á deputación a que perciba os importes correspondentes mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión recadatoria exercida pola deputación por delegación do concello.

Para estes efectos o proxecto técnico aprobado na programación inicial conterá unha valoración estimada do custo das adquisicións ou expropiacións necesarias. A dita valoración terá carácter medianamente orientativa por canto o compromiso municipal deberá alcanzar o importe efectivo e real que finalmente deba aboarse pola adquisición dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto.

B) Certificación do Pleno da Corporación municipal na que consten os seguintes acordos:

a) Aprobación do proxecto e autorización á deputación para executar as obras facendo constar que contan con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.

b) Conformidade coas presentes bases.

c) Compromiso de aceptación da entrega das obras unha vez recibidas pola deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións das travesías.

d) Delegación no alcalde-presidente para formalizar o correspondente convenio.”

Todo iso a efectos de sometelo, unha vez solucionado o trámite da remisión da documentación, novamente ao Pleno da Corporación para a súa aprobación provisional.”

23.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE CAMARIÑAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación ata o 1 de xaneiro de 2022 da delegación do exercicio de competencias tributarias acordada polo Concello de Camariñas.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial

da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

24.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS MUNICIPAIS PARA A RECLAMACIÓN AO MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA, POLA BONIFICACIÓN DO 95% DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI) ÁS AUTOESTRADAS. CONCELLOS: OROSO, PADERNE E PONTEDEUME.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aceptar a delegación presentada por cada un dos concellos delegantes:

- ⇒ Oroso.
- ⇒ Paderne.
- ⇒ Pontedeume.

2) Facultar ao presidente para adoptar as disposicións e actuacións necesarias para levar a efecto as reclamacións.”

25.-MODIFICACIÓN DAS SUBVENCIONES NOMINATIVAS RECOLLIDAS NA BASE 48 DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PROVINCIAL DO EXERCICIO 2009.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Modificación da Base 48ª de execución do Orzamento provincial.

1º-1- Incluir a subvención nominativa que se enumera a continuación ás recollidas na Base 48ª do Orzamento provincial do exercicio 2009, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e nos artigos 65 a 67 do Regulamento da Lei xeral de subvencións aprobado polo Real decreto 887/2006 do 21 de xuño.

PARTIDA	BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIÓNADO	% COEF. FINANC.
0104/463C/489.01	Fundación Galicia América CIF G15598873	Concesión de bolsas aos alumnos descendentes de galegos do Colexio Arxentino-Galego Santiago Apóstol (Arxentina).	50.000,00	112.500,00	44,44
TOTAL			50.000,00		

1º-2- Modificar a subvención nominativa seguinte:.

PARTIDA	BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIÓNADO	% COEF. FINANC.
0202/911E/762.01	Concello de Negreira CIF P1505700C *(1)	Construción edificio e adquisición mobiliario para persoas con discapacidade.	197.602,60	305.699,96	64,64
0202/452A/762.01	Concello de Brión CIF P1501300F *(2)	Piscina climatizada	1.000.000,00	1.334.925,79	74,91

*(1) Modifícase o obxecto, o importe da subvención, o presuposto subvencionado e a porcentaxe.

*(2) Modifícase o beneficiario (antes Brión e Rois) o importe do presuposto subvencionado e a porcentaxe.

2º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulan reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presenten reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.”

26.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE A RENUNCIA AO CARGO DA DEPUTADA PROVINCIAL DONA CARMEN BORBUJO MARTÍNEZ.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.-Tomar coñecemento da renuncia presentada ao seu cargo pola deputada provincial dona Carmen Borbujo Martínez.

2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

3.-Poñer en coñecemento da Administración electoral a vacante existente, para os efectos da substitución disposta no artigo 208 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral.”

MOCIÓNS

Sr. Gacio Vázquez

Moitas grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, o Grupo Popular traía unha moción que a última hora non foi incluída na orde do día por presentarse con atraso, certamente por culpa do Grupo Popular, pero eu quixera convertela nun rogo. Na nosa proposta dicíamos que pedíamos dedicar, dos 5.000 millóns de euros do plan FEIL, 3.000 millóns ao gasto corrente. A verdade é que a situación dos concellos, e non o digo eu só, a vicepresidenta segunda e ministra de Economía e Facenda do Goberno de España, en sesión plenaria do Congreso dos Deputados do 23 de setembro, acaba de manifestar solemnemente que chegou o momento de que os concellos empecen a sufrir, aínda que minimamente, as consecuencias das crises económicas, xa que ata agora o axuste só se traduciu na redución dos ingresos do Estado. Con esta frase da vicepresidenta segunda, ministra de Economía, desde o Grupo Popular queremos pedir, rogarlle ao goberno provincial, que así como no exercicio anterior se dedicaron unha cantidade de fondos para redactar proxectos, pois esta vez, aínda que tamén é certo que se poden incluír dentro dos gastos dos 5.000 millóns, xa que non só é o Grupo Popular senón tamén a vicepresidenta segunda e supoño que moitos deputados do actual goberno da Deputación, están de acordo en que se faga o máximo esforzo para que tamén esa cantidade de diñeiro importante para concellos, sobre todo pequenos, con poucas posibilidades, que a Deputación faga o esforzo de poñelos a disposición e que se sigan sufragando os gastos dos proxectos, que son partidas importantes á hora de realizar estas obras.

Sr. presidente

É indubidable que o que é preocupante hoxe é a situación financeira desde sempre, é un problema estrutural que haberá que abordar cun novo modelo de

financiamento para as corporacións locais. É certo que na Deputación temos xa constatado que o problema non é de investimentos hoxe nos concellos, de feito a maior parte dos concellos da provincia pediron prórroga no prazo de execución dos proxectos do POS, Entón, temos o problema do gasto corrente, o tema de investimentos está cuberto.

Gasto corrente, a Deputación, como vostede sabe, fixo un esforzo tremendo para contribuír a axudar os concellos a abordar este problema, desde os 6 millóns e medio de euros que achegou, a única Deputación de Galicia, para subvencionar a redacción de proxectos e dirección de obras do Plan FIEL, Fondo de investimentos de equipamentos locais, coñecido como Plan Zapatero, foron seis millóns e medio de euros, máis dez millóns que aprobamos nun Plan anticrise, un para gasto corrente, para que os concellos destinasen a pagar os gastos correntes que tivesen a ben eles, máis outros dez millóns de euros que destinamos para financiar o gasto corrente do mantemento dos servizos públicos esenciais. Á parte diso, a Deputación fixo anticipos a conta da recadación, e estamos tratando de solucionar este problema do gasto corrente.

Nas bases que hoxe aprobamos do Plan de obras e servizos permítese destinar o 50% do Plan de obras e servizos a gasto corrente ou investimento, que decida cada concello, e o outro 50% ten que estar vinculado a investimento, porque obríganos o Ministerio de Administracións Públicas que é o que nos dá unha parte do financiamento.

Nese sentido penso que a Deputación da Coruña está respondendo na axuda ás necesidades dos concellos como non está respondendo ningunha outra Deputación de Galicia. E con respecto ao FEIL do próximo ano hai unha comparecencia do vicepresidente terceiro do Goberno onte na Comisión de Administracións Públicas do Congreso onde di que o FEIL deste ano contará cunha achega de 5.000 millóns de euros, e di que un 15% deste importe, que son 750 millóns de euros, poderá destinarse a gasto corrente con finalidade social. Non sei se 3.000 é moito, é pouco, non o sei, pero na vontade do goberno está tamén que unha parte destes 5.000 millóns, 750, poidan os concellos destinalo a gasto corrente para financiar temas sociais, especialmente en temas de educación.

ROGOS E PREGUNTAS

Sra. González Vázquez

Bo día a todos, traio un rogo, pero antes quereda incidir nas palabras da ministra de Economía tocante a que chegou o momento de que os concellos empecen a sufrir as consecuencias da crise, segundo di ela. Esperemos que non, que os concellos sexan os que menos sufran, e o que esperabamos oír probablemente moitos da ministra era que chegou o momento de que os concellos teñan a posibilidade de que os cidadáns sufran menos esta crise económica.

Neste sentido, o noso rogo ten que ver coa calidade e a mellora na vida dos nosos cidadáns. É verbo das marquesiñas, como sabe o Sr. presidente e todos os aquí presentes, o 31 de xullo presentou o noso grupo un rogo dicindo a necesidade da aprobación dun plan de arranxos, mellora, renovación e ampliación de marquesiñas nas nosas estradas, naquel momento o Sr. presidente dixo que non lle constaba ningunha protesta ou reivindicación, hoxe no punto número 13 si que se aprobou, e damos as grazas que si dalgunha maneira se recolle o que se di dende estes escanos, aprobouse unha partida, entendemos que é mínima, que é moi curta, vaise quedar moi pequena para todas as necesidades que teñen as estradas comarcais neste tema.

Insistimos, as marquesiñas necesitan arranxos, necesitan melloras, necesitan limpeza, necesitan ser colocadas nos sitios axeitados, hai marquesiñas tiradas en predios dende hai anos, oxidándose, deteriorándose, e marquesiñas como poden ensinarlle e poden achegar, en lugares que non pasa o autobús, sen embargo non hai marquesiñas necesarias en lugares onde si paran autobuses, temos os nosos municipios, Curtis, Mazaricos, Cabana de Bergantiños, A Laracha, Betanzos, é dicir, hai que facer un bo estudo ao detalle, sabemos que é tempo de austeridade e de contención de gastos, débense establecer por suposto prioridades económicas, pero é precisamente neste tempo cando o goberno provincial debe demostrar estar máis preto dos veciños, e solucionar as súas necesidades, estas que traio e que poden ensinarlles son algunhas e hai moitas máis. O inverno é duro, e a espera nestas condicións faino aínda máis duro. Non pedimos unha sala VIP, pero si un lugar axeitado para que sexa un sitio de espera onde os nenos esperan autobuses do colexio, onde os maiores esperan o autobús que os leva a facer xestións e aos centros sanitarios. A dotación que se aproba neste Pleno é exigua, como repito é pequena, non se trata de que sigan sufrindo, como a ministra pretende, os concellos, ao contrario, trátase de que se substitúan marquesiñas actuais, por estar obsoletas, deterioradas, tiradas, trátase de que se amplíe o número delas en lugares nos que non existen, pero si que hai paradas de transporte, e a iso simplemente quero engadir, tamén, a necesidade, como podemos demostrar tamén fotograficamente neste Pleno, de que se mellore a carteleira vertical que hai nas nosas estradas comarcais, hai carteis verticais tirados, deteriorados desde hai tempo, que non son indicadores neste momento, porque están agochados entre a maleza, é dicir, hai que traballar para mellorar a calidade de vida e, desde logo, para que sufran menos os cidadáns.

Sr. presidente

Grazas, Sra. González, eu non creo que a Sra. vicepresidenta do Goberno diga que sexa o momento de sufrir, ao mellor é unha expresión recolleita, non o creo, en calquera caso non é o momento en que teñan que sufrir, pero é o momento en que os concellos terán que buscar a eficiencia no gasto, tal como estamos nesta situación non se pode permitir un gasto dun céntimo en algo que non sexa eficiente. Pero tamén os concellos deben de corresponsabilizarse fiscalmente, temos a presión fiscal municipal máis baixa de España, estamos moi por debaixo da media, e tamén os concellos terán que facer un esforzo para corresponsabilizarse e que os cidadáns paguen na medida en

que sexa posible, e se hai que excluír algún colectivo exclúese pola prestación dos servizos públicos.

Con respecto ao tema das marquesiñas, fixemos paréceme que hai tres ou catro anos un Plan de marquesiñas, non se instalan en estradas comarcais, instálanse en estradas da Deputación, e non se instalan onde queira a Deputación, todos os alcaldes que están aquí presentes saben que, cando se puxo en práctica este plan, comunicóuselles o número de marquesiñas que cada concello ía recibir, fíxoselles primeiro unha solicitude dicindo que necesidades tiñan, logo distribuíronse en función do que había e instaláronse onde os concellos dixeron que se instalasen. Polo tanto, se algunha está mal situada non é un problema da Deputación, é un problema do concello que pediu que se instalase alí.

E eu tamén aproveitaría para solicitar que os concellos se responsabilizasen un pouco de coidar as cousas, porque é unha marquesiña que está para disposición do público, pois se o concello o ve e pasa todos os días por alí alguén, que non esperen a que pase un capataz da Deputación que faga un informe, que veña aquí e que se tomen medidas. Quero dicir que debemos de corresponsabilizarnos todos no mantemento das instalacións públicas.

Antes de finalizar, eu quería agradecerlle a dona Carmen Borbujo Martínez a presenza durante dous anos nesta Deputación, e agradecerlle o traballo que desde a oposición levou, porque como saben vostedes, cando o que se propón é razoable e é sensato, independentemente de quen o propoña é razoable e sensato e hai que incorporalo e facelo. Entón, lamento a súa marcha e agradézolle o traballo que desenvolveu durante dous anos nesta institución ao servizo dos concellos da provincia.

Non habendo máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e vinte e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.